

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: TC 71/2024. APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA NECESIDADE DE DOTAR CRÉDITO PARA DAR COBERTURA Á FACTURA DO MES DE NOVEMBRO DE 2024 DERIVADAS DO CONTRATO DE COLABORACIÓN ADMINISTRATIVA DA XESTIÓN RECADATORIA MUNICIPAL EN PERÍODO EXECUTIVO E DA XESTIÓN ADMINISTRATIVA E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO COA EMPRESA GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL SA.

Visto o expediente tramitado para a modificación do orzamento mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: TC 71-2024, por un importe total de 131.365,00 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da necesidade de dotar de crédito á factura de novembro de 2024 correspondente ao "contrato de colaboración administrativa da xestión recadatoria municipal en período executivo e da xestión administrativa e recadación das multas de tráfico co empresa Gestión Tributaria Territorial, SA."

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1859/2024 do 16.12.2024, así como os mandamentos contables RCMod obrantes no expediente.

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financeiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Porén neste caso, débese considerar que corresponde a aplicacións da mesma política de gasto, polo que non se afecta a outras áreas ou servizos municipais, e ademáis dáse cobertura ao servizo de colaboración coa recadación, cuxos importes non se coñecen con exactitude ao elaborar o orzamento e dependen do volume de recursos dos que se realiza a colaboración na xestión recadatoria ao longo do ano, de xeito que a maior recadación maior importe. Por tanto, enténdese que procede a modificación solicitada.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos (TC 71/2024) a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 131.365,00 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €
92006.12100	3.939,00 €	93400.22708	131.365,00 €
92006.12101	16.246,00 €		
92007.12000	32.687,00 €		
92007.12004	16.172,00 €		
92007.12100	20.911,00 €		

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac4405191721863885608.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 71-2024Servizo colaboración na recadación municipal

92007.12101	41.210,00 €		
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	131.365,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	131.365,00 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.